

A EMIGRACIÓN GALEGA AO BRASIL: MODALIDADES E DESTINOS DURANTE O SÉCULO XX

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ

INTRODUCCION

As orixes da presenza galega no Brasil remiten ao *salto* dende Porto ou Lisboa dende finais do século XVIII por algúns dos mozos galegos que chegaron como *cavadores* temporeiros nas viñas do Douro, como *caixeiros* ou mozos de corda nas ditas cidades¹. Durante o XIX, a chegada de galegos aos diversos destinos brasileiros estivo modulada polo crecente desaxuste entre a poboación e os recursos en Galicia, a desigual oferta de pasaxes nos portos de A Coruña, Vilagarcía e Vigo, a política inmigratoria dos estados receptores, sobre todo no ciclo do caucho e do café e, tamén, pola acción das redes migratorias establecidas entre as comarcas de orixe e Río de Janeiro, São Paulo ou Salvador de Baía. Estes e outros factores explican a preferencia dos pontevedreses polos destinos brasileiros, excepcional no contexto dunha emigración galega que se dirixiu, fundamentalmente, a Cuba durante o século XIX e a Arxentina ata mediados do século pasado².

¹ Ambos fluxos están documentados dende o século XVIII nos concellos pontevedreses de Caldas de Reis e Salceda de Caselas, na bisbarra de *terra de Montes*, na coruñesa de Santa Comba, nas *bocarribeiras* ourensáns de Melón ou na parroquia carballinesa de Señorín. Véxanse, respectivamente: VALLE GONZÁLEZ, 1990; PEREIRA BERNÁRDEZ, 2008; GONZÁLEZ LOPO, 1993; SARMIENTO DA SILVA, 2006; FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, 1992b e FUMEGA E RODRÍGUEZ, 1999. O desprazamento estacional de cuadrillas de *cavadores* formadas por mozos dunha mesma freguesía ata as viñas do Douro mantívose ata comezos do século XX. O padrón municipal do concello ourensán de Coles en decembro de 1901 rexistra 26 mozos ausentes en Portugal cunha mesma clasificación profesional (xornaleiros agrícolas), estado civil (solteiros), tipo de familia de orixe (numerosas e xa con varios membros emigrados no 46% delas). O 50% procedían dunha mesma aldea (Meriz, na freguesía de San Xoán de Coles) e o 23% da parroquia de Albán.

² Véxanse as sínteses da emigración galega contemporánea en VÁZQUEZ GONZÁLEZ, 2005 e 2008.

Os inmigrantes galegos asimiláronse rápidamente na sociedade carioca e paulista, o mesmo que fixeron os italianos e os portugueses, e preservaron mellor a súa identidade etnocultural en Salvador de Baía pola forte endogamia da súa orixe na pontevedresa *terra de montes*³. O funcionamento desas redes explica a continuidade dos fluxos migratorios microterritoriais dos galegos e eses estados, mentres que a política inmigratoria foi a clave da chegada de familias pobres das comarcas interiores de Galicia para a *lavoura* nas *fazendas* do café, o mesmo que aconteceu cos andaluces ou cos poloneses⁴.

A maioría dos galegos chegados no último cuarto do século XIX asentáronse en Santos e São Paulo, traballaron na construción de tendidos telegráficos e ferroviarios e representaban un 18% dos españois rexistrados en 1920. A crise económica internacional, a guerra civil española e as restricións á entrada de inmigrantes aplicadas polo *Estado Novo* de Getulio Vargas (1937-1954) reduciron o fluxo de españois, en xeral, ata mediados dos anos cincuenta. Estes reactiváronse favorecidos polas políticas de atracción de capitais estranxeiros e de man de obra cualificada para desenvolver a industria de base durante a presidencia de Kubitschek. O Estado federal subvencionou a inmigración europea no marco dos acordos suscritos co Comité Intergubernamental para as Migracións Europeas⁵. As facilidades para inmigrar ao Brasil convertérono nun destino atractivo para mozos galegos que proxectaran marchar a Arxentina, Uruguai ou Venezuela⁶. O empeoramento económico do Brasil nos anos sesenta reduciu a chegada de inmigrantes españois a pequenos fluxos de técnicos. Porén, moitas familias de determinadas comarcas de Galicia consolidaran alá os seus proxectos de vida e mantiveron activas as súas redes migratorias.

3 Remitimos aos estudos de BACELAR, 1994; GONZÁLEZ LOPO, 1999.

4 Véxanse, respectivamente, KULA WTULICH, 1986: 20-21; PÉREZ MURILLO, 2000: 54 e ss. Francisco Cepeda *enganchou* a centos de familias galegas levadas ata Santos e, despois, en vagóns pechados de tren ata as fazendas do café. Polo que atinxe á *febre do siringo*, semella que o 50% dos 3 000 españois presentes en Belém de Pará eran galegos segundo GONZÁLEZ MARTÍNEZ, 1990: 91-94, 101.

5 O CIME fornecía man de obra profesional chegada con contrato de traballo (MOPC) ou sen colocación (MOP2). Estes recibían manutención ata acadaren o primeiro emprego. As cifras demostran os efectos destas políticas na reactivación do fluxo de españois ao Brasil pois só desembarcaran 7 902 en Santos entre 1945 e 1950 e chegaron 62 296 a São Paulo entre 1950 e 1959. Remitimos a KLEIN, 1996, 88 e ss., e GONZÁLEZ MARTÍNEZ, 2001 e 2005: 97-99.

6 Foi o caso dos coruñeses Marcial Mariñas e Gonzalo Neira, que chegaron en 1953 e 1957, respectivamente, co proxecto de reemigar a Arxentina pero asentáronse e prosperaron en São Paulo, o mesmo que outros galegos establecidos en Río Grande do Sul. Véxanse, respectivamente, SOUTELO VÁZQUEZ, 1998; WEBER, 2011: 136.

1. A TIPOLOXÍA DOS INMIGRANTES GALEGOS NO BRASIL E A INFLUENCIA DAS REDES SOCIAIS DURANTE O SÉCULO XX

Estivo en función de que chegasen dun xeito libre, aínda que auxiliado polas redes microsociais, ou subvencionado polos fazendeiros e as autoridades paulistas. No primeiro caso predominaron os varóns novos e no segundo as familias completas que foran recrutadas, precisamente, porque ofrecían unha man de obra numerosa e moi barata⁷. A tendencia ao retorno destas foi máis reducida porque apenas deixaran patrimonio e a súa capacidade de aforro no destino foi menor e máis lenta que a dos emigrantes libres⁸. A composición destes por sexo e idades foi diferente. Predominaron os mozos e adultos novos, o mesmo que entre os italianos e os *minhotos*, establecéndose no Río, en Salvador ou en Santos e São Paulo, en función das pequenas correntes migratorias e das redes microsociais que lle forneceron información fiable e axuda para realizar a viaxe e inserirse alí⁹. Estes pioneiros reclamaron a outros membros da súa familia realimentando unha mobilidade laboral de longa duración que alicerzou a reprodución social de moitas familias durante varias xeracións como foi o caso, por exemplo, dos Moreira Carrascal asentados en Salvador, ou dos Martínez Gallego establecidos en São Paulo. O petrucio desta familia da freguesía de Enxames en Vilardevós chegou a Santos dende Cuba a comezos do século XX. Traballou nas *docas* do porto e, cando retornou a súa aldea, casou e creou unha familia de seu. Tivo seis fillos e os catro varóns emigraron, sucesivamente, activando a rede

7 Non foi casual que recrutasen familias de xornaleiros en comarcas arruinadas pola filoxera, abeiradas da mobilidade migratoria a América e, tamén, das correntes de media distancia. Tal aconteceu, sucesivamente, nas provincias andaluzas de Almería, Málaga, Granada, Cádiz e Córdoba entre 1878 e 1890, en Cataluña ou nas comarcas ourensás do Ribeiro, Valdeorras e Monterrei. Véxanse: PÉREZ MURILLO, 2000: 39 e 41; VÁZQUEZ GONZÁLEZ, 1992: 217-218.

8 Remitimos ao noso estudo do desenvolvemento do proxecto migratorio dos Diéguez-Álvarez Corisco oriundos, respectivamente, das freguesías de Tomonde e Berrande no concello ourensán de Vilardevós (Val de Monterrei) como representantes dos milleiros de familias pobres que foron recrutadas para a *lavoura do café*. Rosalía Diéguez e os seus fillos chegaron en 1893 a unha fazenda de café en Monte Alto. Nela morreron os dous fillos varóns e a nai fuxiu coa outra filla (Teresa) establecéndose en Santos onde casou con Enríque Álvarez que foi un dos fundadores do Centro Español e da Sociedade Española de Repatriación e Socorros Mútuos. Véxase SOUTELO VÁZQUEZ, 2005: 153-154.

9 De feito, a concentración laboral en actividades secundarias ou terciarias urbanas dos naturais de Santa Comba, Cotobade, Pontecaldeas ou Pazos de Borbén, resultou da súa posición nesas redes familiares ou de paisanaxe que funcionaron entre os lugares de orixe e as cidades de destino dende finais do s. XIX ata datas recentes. Véxanse: GONZÁLEZ LOPO, 1999 e 2012; SARMIENTO, 2006.

familiar establecida en Santos¹⁰. Traballaron na construción ata que aforraron abondo para establecer unha carnicería e o pai, que reemigrou nos anos trinta, empregouse nun restaurante ata que retornou en 1952. Fíxoo para axudar a súa filla Victoria Armonía, que era a única que permanecía na casa familiar pero xa tiña dous fillos pequenos e non podía atender as terras e o gando da casa. Esta vendeu o patrimonio do marido, pechou a casa e marchou para São Paulo cos seus fillos ao pouco tempo de finar o petrucio desta familia.

Pola súa banda, o avó dos Moreira Carrascal emigrou en varias ocasións a Brasil dende Ponte Caldelas na procura de recursos para manter a unha familia de cinco fillos. Traballou na construción do ferrocarril de Minas Gerais e fixo que uns compadres, establecidos cun negocio en Salvador, reclamasen ao seu fillo maior cando este cumpriu trece anos. O mozo traballou ata os 26 para os seus padriños e, despois, estableceu un almacén de ultramarinos que converteu ao pouco tempo en xoiaría. Volveu a Ponte Caldelas para casar, reclamou aos seus irmáns menores e, anos despois, á maior dos seus fillos. Manuel chegou a Baía en decembro de 1951, con 18 anos e co bacharelato rematado, para continuar a saga comercial desta familia. Representan ben o fluxo migratorio entre *terra de Montes* e a cidade de Salvador que estivo realimentado por cadeas migratorias de tipo familiar durante varias xeracións mantendo un modelo reprodutivo que se baseaba na permanencia da nai cos fillos no lugar de orixe ata que os mozos acadaran a formación específica que os capacitase para participar, primeiro, e tomar o relevo, despois, nas actividades comerciais e empresariais das súas familias. A explotación do traballo (propio e alleo) xunto coa diversificación de negocios (alimentación, alfaiatería, hostalaría e máis recentemente, construción, funerarias e comunicacións) e o investimento en formación das novas xeracións favoreceu a mobilidade ascendente, en termos económicos e sociopolíticos, destas familias de “*bos baianos de sangue galegos*” segundo Jorge Amado¹¹.

10 Victoria Armonía Gallego Rojas explicouno como segue: “Tíñamos unhos primos que moraban en Santos e trouxeron a meu irmau Alfonso pracá que foi o primeiro [...] Despois dalí a cinco ou seis anos, ele mandou vir o mais vello deles, o Floreano que xa veu casado e trouxo un fillo de seis anos tamén con il [...] Despois ele mandou vir o Antonio e xunto co Antonio pediu a meu pai pra que viñesen xuntos [...] Mais aínda quedou alá o Pedro que era o mais novo [...] Despois que ele saíu do Ejército tamén o mandaron vir praquí. E meu marido quixo vir praquí só que veu el sostiño e me deixou a min lá cos dois fillos”. Citamos da transcripción da grabación das súas lembranzas, realizada pola súa filla Avelina e polo autor na casa familiar de Sumarezinho (São Paulo), o 25-9-1996.

11 O escritor baiano frecuentaba o establecemento dos Moreira e recomendou no seu *Baía de todos os Santos* que “se non queren ser enganados, levando allos por bugallos [...] procuren a Casa Moreira, onde non lle engana a ningúen, comercio de xente seria, galegos, estimable nación, pacífica e traballadora [...] mestres da cordialidade e da cortesía, escollidos a dedo para renacer bahianos”.

Brasil non foi un dos destinos preferidos polos mozos galegos que fuxían da prestación do servizo militar porque a perspectiva dunha ausencia forzosamente prolongada inclinábaos, en xeral, pola Arxentina. Porén, os rexistros municipais reflicten a presenza no Brasil de *prófugos* que procedían de concellos ou freguesías que xa tiñan veciños emigrados alá. Por iso estaban no Brasil o 11,4% dos prófugos de Ribadavia entre 1881 e 1923, mentres que apenas se rexistran noutros concellos de forte tradición migratoria, como o ferrolterrán de San Sadurniño ou o pontevedrés de Valga¹². Naquel só rexistramos aos irmáns Castrillón López e aos Fernández Pita, que chegaron, precisamente, fuxindo do servizo militar, e reclamaron, despois, a algúns veciños establecendo unha rede que se mantivo activa durante a primeira metade do século pasado¹³. Este tipo de *cadeas migratorias* explican a continuidade do fluxo dende *terra de Montes* a Salvador, con relativa autonomía respecto da situación macroeconómica e política do Brasil, e o contaxio aos concellos veciños de Melón, Bearíz ou Avión, xa na provincia de Ourense.

A maioría deses emigrantes espontáneos non marcharon desvalidos nin ao descoñecido e o volume dese fluxo foi superior aos datos dos rexistros consulares. A comparación coas listas de desembarco demostra que non se inscribían como residentes ausentes todas as persoas que chegaban legalmente, polo que resultan máis fiables os rexistros das asociacións étnicas. A procedencia municipal dos galegos residentes en Salvador entre 1920 e 1936, un período no que a comunidade española xa estaba totalmente asentada, confirma a fortísima concentración dos pontevedreses, que representan o 90% dos españois rexistrados¹⁴. Ademais, o

12 Remitimos a FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, 1992. A primeira referencia a un valgués emigrado en Brasil que recolle a documentación militar corresponde a José García Souto, mozo do reemprazo de 1885 que levaba máis de 6 anos ausente en Brasil segundo declarou a súa nai (Acta de Clasificación e Declaración de Soldados, expte. 1, c. 718, Arquivo Municipal de Valga).


13 O pioneiro da primeira rede familiar debeu ser Belarmino Castrillón López, prófugo do remprazo de 1909, ao que seguiron os seus irmáns Ignacio e Manuel, prófugos dos remprazos de 1912 e 1914. Corenta anos despois, a viúva María Castrillón López, de San Sadurniño, autorizou aos seus fillos Isabel e Manuel Antonio García Castrillón, de 20 e 18 anos, para que emigrasen a Brasil reclamados polos tios maternos (caixa de consentementos paternos para mozos enrolados como voluntarios no Exército en 1959, AMSS). Gerardo Fernández Pita foi o centro da segunda rede. Nacera en 1881, figura como comerciante residente en Brasil no Padrón de habitantes de 1940 e axudou ao seu irmán Emilio, prófugo do reemprazo de 1912, ao veciño José Gumersindo Fernández Sixto do de 1913, e a José Casal Molde, da freguesía de Lamas e prófugo do reemprazo de 1915. Os tres figuran como ausentes en Brasil.

14 Os libros de rexistro de entrada de pasaxeiros do porto de Salvador indican que arribaron 17 737 españois entre 1883 e 1950, o 27% deles entre 1921 e 1930 segundo BACELAR, 1994. Os emigrantes pontevedreses representaban o 90% dos españois residentes en Salvador en 1890 e o 70% deles pertencían aos municipios de Ponte Caldelas, Fornelos e A Lama. Tamén figuraban como nacidos en Galicia o 94,3% dos residentes españois inscritos nos libros de entrada de pasaxeiros do Consulado Español, sendo pontevedreses o 89,5% e de terra de Montes arredor dun 85%. Véxanse: GONZÁLEZ LOPO, 1999: 290; PÉREZ LEIRA, 2002: 12.

70% dos galegos residentes en Salvador entre 1919 e 1936 saíran dos concellos de A Lama, Fornelos e Ponte Caldelas, nesa comarca de *terra de Montes*. O 24% deles procedía doutro destino americano (Bos Aires, Montevideo, Río de Janeiro ou São Paulo) atraídos, seguramente, polas redes microsociais. E o 88% xa tiña experiencia laboral no sector comercial como dependentes ou donos dun negocio. Resulta evidente a actuación das redes migratorias seleccionando aos novos emigrantes.

GRÁFICO N.º 1

Concello de orixe dos pontevedreses residentes en Salvador de Baía (1919-1936)



Fonte: Elaboración propia a partir de GONZÁLEZ LÓPEZ, 1999: 287.

O funcionamento de redes microsociais entre Río de Janeiro e o concello pontevedrés de Cotobade, o coruñés de Santa Comba ou o ourensán de Melón explican a continuidade do fluxo migratorio ata os anos trinta do século XX, a súa reactivación na década de 1950 e, sobre todo, a forte concentración en sectores como o hoteleiro, o pequeno comercio e os oficios urbanos. O mesmo que aconteceu entre os de Ponte Caldelas e Fornelos de Montes e Salvador de Baía¹⁵.

¹⁵ Véxanse, respectivamente, SARMIENTO DA SILVA, 2006 e 2008, FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, 1992b, GONZÁLEZ LOPO, 1993 e 1999; e BACELAR, 1994.

2. A INSERCIÓN LABORAL E AS TRAXECTORIAS PROFESIONAIS DOS GALEGOS NO BRASIL

O éxito socioeconómico dos españois e galegos foi menor que o dos inmigrantes portugueses e italianos que chegaron antes e cunha mellor instrución formal e profesional. Ambos factores determinaron que a inserción laboral daqueles fose máis exitosa e que se integrasen a medio prazo nas emerxentes clases medias de empregados do sector servizos, profesionais liberais, contratistas e homes de negocios. Os tres colectivos desenvolveron uns patróns residenciais semellantes: viviron de alugueiro en pensións e pisos compartidos con outros paisanos, no período posterior a súa chegada, ata que formaban unha familia de seu ou reclamaban á que deixaran atrás e mercaban unha vivenda ou o terreo para construíla nas aforas da cidade¹⁶. A permanencia dos españois foi maior entre 1908 e 1939 porque tiñan menos incentivos para retornar e usaron São Paulo para saltar a Arxentina¹⁷. No Río de Janeiro, por exemplo, a maioría dos galegos comezaron traballando no sector servizos ou nos empregos urbanos. Pasado un período iniciático de aforro e aprendizaxe, estableceron pequenos negocios (panaderías, carnicerías, bares e zapaterías), dedicándose á construción e ao lecer nocturno¹⁸.

O perfil socioprofesional dos galegos que chegaron a Brasil nos anos cincuenta foi moi semellante ao dos seus compañeiros andaluces ou minhotos. Predominaron os homes novos, casados ou solteiros, con algunha formación en oficios relacionados coa industria ou con capacidade para reciclarse nesta. Iban atraídos polas oportunidades de emprego no sector secundario e polo diferencial de salarios, que ofrecían unha considerable mellora económica e nas condicións de vida en relación coa sociedade de partida¹⁹. Diversos estudos teñen salientado que a maioría dos galegos chegados ás cidades brasileiras nos anos cincuenta non posuían, realmente, a cualificación profesional que acreditaba a documentación que obtiveran a través das súas redes²⁰.

16 Remitimos a BAILY e RAMELLA, 1988: 19-21.

17 Salientouno, no seu día, MARTÍNEZ GALLEGO, 1995: 17.

18 Sirvan como exemplo os xalleiros que rexentaban pensións e hoteis no abrente do século XX no Río de Janeiro e estableceron moteis dende mediados da centuria. Entre os galegos expulsados do Brasil por marxinais (vagabundos, alcólicos, delincuentes, etc) figuran algúns donos de hospederías que alugaban habitacións por horas a mulleres que se prostituían. Esta actividade non requería un forte investimento e producía rendas seguras. Véxase SARMIENTO DA SILVA, 2006 e 2011.

19 Véxanse: BRETTELL, 1991: 113, 274; PÉREZ MURILLO, 2000: 124-125, 132, 146.

20 Os testemuños orais son moi ilustrativos desta adaptación aos requerimentos do mercado. J.A. Moreira marchou para Salvador aos 14 anos, reclamado por uns tíos e cun certificado de mecánico, profesión que descoñecía e endexamais axerceu posteriormente segundo o seu propio testemuño grabado polo autor en setembro de 1997. Outros emigrantes como Manuel Antas Fraga tiveron unha integración máis dura: "Nós éramos discriminados e chámamos suicidas do arado porque íamos sen preparación para exercer calquer profesión [...] Só os traballos máis rudimentarios eran os que nós podíamos facer". Citamos de PÉREZ LEIRA, 2002: 71.

Para moitos deles, estes papeis eran, simplemente, unha lanzadeira que lles permitise acadar empregos no Brasil, e ir aprendendo coa práctica laboral ou pasar a Arxentina. Mais esa escasa cualificación eivou as súas oportunidades laborais, reducíndoas inicialmente a actividades mal remuneradas, de alta siniestralidade e adoito na *economía informal*. De feito, os galegos apenas accederon aos postos técnicos na emerxente industria nin aos empregos administrativos que requerían máis cualificación e estaban monopolizados polos italianos, que os utilizaron como plataforma de ascenso económico e social. Sobreviviron no período posterior á chegada residindo en pensións de paisanos ou de españois cunhas condicións moi semellantes ás dos obreiros da primeira revolución industrial²¹.

Un coruñés desembarcado en Santos en 1953 explicounos ben que eses habitáculos eran o máis práctico e, tamén, o único que eles podían pagar²². A medio prazo, melloraron de situación laboral e residencial porque aplicaron o ascetismo aprendido dende o berce na Galicia da posguerra e demostraron unha considerable capacidade de adaptarse aos novos escenarios laborais²³. E algúns mesmo chegaron xa cunha formación académica axeitada para empregarse no sector servizos ou procurárona alá, sobre todo no caso dos pontevedreses que marcharon dentro das redes microsociais establecidas con Salvador de Baía²⁴.

21 Coinciden neste MARTÍNEZ GALLEGO, 1995 e ANTUNES MARCIEL e ANTONACCI, 1997.

22 “Desembarcamos e abordounos un andaluz que buscaba clientes pra súa pensión [...] Era unha casa de dous pisos, na entrada había unha mampara de chapa e díxonos que entráramos alí. Había tres camas para dormir debaixo das escaleiras e casi sin ventilación [...] Si querías unha pensión decente non ganabas pra ela [...] Eu non ganaba 3 000 cruzeiros por mes e pagaba de pensión 1 200. Aínda tiñas que vestirse e comprar zapatos. Se fumabas un cigarro xa non era vivir no Brasil” (grabación do testemuño de Marcial Mariñas Campelo, 1996, Arquivo Oral do Museo Etnolóxico de Ribadavia).

23 O mesmo Marcial Mariñas salientou que “[...] quen fixo diñeiro son os das aldeas, que chegaron sin profesión, pero eran atrevidos e valientes dentro da honestidad [...] Asimilaron como funcionaban os restaurantes nos que traballaban de empregados [...] Aprenderon aquí a colocar pedras nas fachadas e hoxe están ricos [...] Na propia obra improvisaban un cuarto e alí cociñaban a comida deles e dormían [...] Unha vez que facían un pouco de diñeiro, saían deso e emprendían unha cousa pola súa conta”.

24 Sirvan como exemplo dous fragmentos textuais das grabacións das memorias de vida de Luís Vilariño e de Marcial Mariñas que chegou a São Paulo en 1953 (Arquivo Oral do MER):

– [...] Fun traballar os dez primeiros anos cos meus tíos que tiñan un grande almacén de ultramarinos en Salvador [...] Cheguei a vendedor, que era o mellor posto que tiñan porque pagaban comisión. Xa tiña feito elí o ximnasio, que é coma eiquí o bachiller, estudiara portugués e despois fixen contabilidade.”

– “Na emigración dos anos cincuenta só os das capitales traíamos un oficio, os das aldeas non tiñan profesión e viñan con declaracións falsas de carpinteiro, albanel ou ferreiro, porque como labrador co ‘modelo 20’ iban traballar no campo e co ‘modelo 19’ quedabas na cidade [...] Encontrei nun periódico un anuncio pedindo un decorador industrial. Presenteime elí, fixeronme unhas preguntas e me aceptaron”.

A súa estratexia laboral consistiu nun período inicial de varios anos proletarizados e aforrando co dobre obxectivo de establecerse cun comercio e reclamar, despois, aos membros dependentes da súa familia ou casarse para crear unha. Os Gallego Rojas de Enxames (Verín) serían un bo exemplo que reflicte, tamén, a influencia das relacións postemigratorias na multiplicación das oportunidades de acceso á información e á financiación para botar a andar eses pequenos negocios²⁵.

Pola contra, os pontevedreses establecidos en Salvador de Baía desenvolveron un proxecto reprodutivo intermedio mantendo a división da familia por xénero e idade. A dona criaba aos fillos en Galicia e estes marchaban xa formados para desenvolver a súa vida profesional en Salvador amparados pola rede que determinaba, case, os camiños da súa vida²⁶. Neste caso, a recruta endogámica de man de obra funcionou como o primeiro chanzo da estratexia reprodutiva desas *repúblicas* comerciais dos galegos, que presenta moitas semellanzas coas desenvolvidas polos comerciantes cameranos e maragatos establecidos en Galicia desde comezos do século XIX. Uns e outros reclamaban e empregaban a familiares e veciños, agardando deles que fosen dóciles e aturasen as durísimas condicións de traballo e de vida nun comercio no que pasaban a súa mocidade. As relacións persoais preemigratorias que alimentaron esas redes migratorias construíron un espazo social marcado por unha fortísima endogamia laboral que

25 Vicente Martínez explicouno como segue: [...] Meus cuñados ó comezo traballaron en pedreira mais despois que arrumaron un dinheirinho xa se foron pro comercio. Xa cunha carnicería e todos foron traballar en carnes [...] Os emigrantes enseguida púñamos uma azoquería aínda que non fosemos carniceros lá e o que non, era unha padaría e o que non era padaría era un bar [...] Eu primeiro trabalhei no pesado, despois me arrumaron emprego e trabalhei nove meses de garcón nun restaurantiño alá na periferia de São Paulo e aforrei 14 contos de reis na base do sacrificio [...] Depois que xa tiña 14 contos de reis aforrados, decidín que de empregado non iba traballar mais e viñen pra São Paulo pra comprar un bar, mais encontrei cuns veciños meus e falaronme así: "Você non é pra trabalhar em bar, você é nervoso. Por qué non compra un azogue?". [...] Con aqueles 14 contos que eu tiña e un tío meu que moraba nesta mesma rúa, prestoume outros 14 contos e comprei unha carnicería boa alá en Sto. André, mais en sociedade con outro rapaz de Santos, filho de españois también. Non deu certo e eu moutei outra carnicería eiquí onde tenho o garaxe agora". Citamos da transcripción da memoria de vida de Luís Martínez Vicente residente en São Paulo desde 1952.

26 Sirvan como exemplo os casos de Helio Vidal Ouviaña e do pai de J.A. Moreira Carrascal. Este era "hermano de una familia de cinco con pocos medios económicos, a los trece años se fue a Baía con un hijo de su padrino [...] Trabajó con una gente durante los trece primeros años [...] Vuelve a España para visitar a sus hermanos y en 1925 o 1926 por fin consigue independizarse, lleva a sus hermanos y funda la Casa Moreira que era un comercio muy heterogéneo al principio: algo de tejidos, algo de calzados y empeños y demás". O testemuño de Helio Vidal apunta no mesmo senso: [...] O primeiro en emigrar a Salvador foi o meu tío Manuel en 1898, logo foron os outros irmáns. O meu pai chegou en 1912 sendo un neno. Comezou a traballar en almacéns [...] Posteriormente chegaron os meus tíos e os meus curmáns, que se ían colocando nos negocios familiares. Citamos de PÉREZ LEIRA, 2002: 171.

protexía, pero tamén explotaba, durante anos, ás novas vagas de emigrantes que ocupaban posicións subordinadas nesas redes, e marxinaban aos que rexeitaban ese *satu quo* e as normas de conduta da colectividade.

A memoria oral e as autobiografías indican que estes mozos aturaban esa situación coa expectativa de aforrar e aprender abondo para establecer un negocio de seu, incorporarse como socio e reproducir o mesmo sistema de cooptación de man de obra que os explotara a eles²⁷. O resultado económico máis visible desta plasticidade das redes migratorias dos galegos establecidos no Salvador foi unha concentración inicial no sector servizos, con pequenos comercios de alimentos e alfaias e hoteis²⁸. Dende mediados dos anos cincuenta do século pasado diversificaron as súas ocupacións profesionais extendéndoas á construción e a outros servizos, como se reflicte nas historias de vida e nas lembranzas desas familias residentes en Salvador²⁹.

27 Sirva como exemplo un anaco do relato autobiográfico escrito por Manuel Nemesio S. S. en 1996: [...] Nos alojaron en un piso antiguo en el que vivían ya otros empleados de la empresa. Fue nuestra mayor decepción [...] Para trabajar me pusieron en una joyería y después me pasaron a una gran tienda de confecciones y sastrería, tal vez por haber trabajado en eso [...] Cuando me hicieron las cuentas, despues de 8 años sin vacación alguna, tuve que recurrir a prestamistas y usureros. Archivo do autor.

28 Varios emigrantes da parroquia de Anceu (A Lama) eran socios na casa de empeños *A Primavera* ou en empresas como *A Flor dos Veteranos* ou *Bouzas e Cia* segundo GONZÁLEZ LOPO, 1989: 158-159.

29 A forte concentración en orixe, as relacións preemigratorias e os itinerarios profesionais desenvolvidos explican a forte endogamia do *lobby* galego en Salvador a finais do século XX. Os seus membros máis exitosos releváronse nos cargos dirixentes das sociedades étnicas (consellos do Hospital Español, do Centro Español e de Cabaleiros de Santiago), ou do Consello de Residentes Españois durante as dúas últimas décadas, asumindo a representación da comunidade galega ante as autoridades (galegas e españolas) e as organizacións políticas, como demostrou PÉREZ LEIRA, 2002.

CADRO N.º 1

Actividades laborais e causas da escolla de destino entre emigrantes de Ponte Caldelas (Pontevedra)

Nome e apelidos	Data saída	Actividades laborais desempeñadas en Baía	Axuda recibida para chegar e establecerse no destino
Manuel Bagueiro Méndez	1932	Empregado de ultramarinos	Familiares reclámanlo e ofrecéronlle emprego
Manuel Rodríguez Martínez	1932	Empregado de panaderías e confiterías	Os pais del enviárono cuns coñecidos
Rafael Martínez Martínez	1947	Empregado en xoiería	Acompaña ao pai, que xa emigrara a Baía, onde os agardaba o irmán maior
Manuel Nemesio Sánchez Suárez	1950	Empregado de comercio Representante comercial	Uns curmáns reclámanlo, envíanlle a pasaxe e procuránlle un contrato de traballo
José Mosquera Baqueiro	1952	Carpintería	Familiares reclamáronos e axudáronos a procurar os primeiros aloxamentos e empregos
Víctor M. Crespo Loma	1957	Empregado de comercio	
Ramón Lorenzo Hermida	1959	Panadeiro	
Laura Idelina Martínez Martínez	1964		Reclámaa o marido, empregado nunha ferretería

Fonte: Elaboración propia a partir dos testemuños das persoas citadas, arquivo do autor.

O desexo de acadar un éxito económico e social semellante ao daqueles fachendosos *brasileiros* que visitaban a *terra de Montes* durante a posguerra ou, simplemente, de fuxir da miseria na que se criaran marcou a cultura migratoria dos galegos que marcharon nos anos cincuenta do século pasado. Certamente, a comparación das posibles oportunidades na España da posguerra e no Brasil incentivaba o éxodo. Máxime cando podían activar redes familiares ou veciñais en São Paulo ou Salvador³⁰. Temos un exemplo representativo nos irmáns Rodríguez Fojo de Bemil (Caldas de Reis, Pontevedra), nados nunha familia de labregos, máis numerosa en membros que en terras e gando de seu, polo que xa practicaran a emigración na xeración anterior³¹. O seu pai Domingo Rodríguez Janza marchara a Cuba en 1925 pero voltou aos dous anos “sen facer América ningunha”. Dirixiu unha cuadrilla de carpinteiros formada por irmáns, fillos e sobriños coa que apenas gañaba para alimentar aos seus fillos.

Tivo que fuxir durante a Guerra Civil polas súas ideas republicanas e os dous fillos maiores foron recrutados, caendo un deles en combate, polo que as fillas asumiron os traballos da explotación agrogandeira familiar para que os restantes irmáns varóns gañasen un xornal fóra da casa³². Enténdese así que tres destes irmáns (Adolfo, Emilio e Carme) marchasen, sucesivamente, a Santos e a São Paulo aproveitando a axuda dun tío materno na procura de mellores oportunidades de vida. Adolfo marchou en 1950 deixando a súa dona cun fillo acabado de nacer. Reclamounos ao pouco tempo e estableceu un obradoiro de reparación de mobles metálicos e de electrodomésticos en Santos. Emilio, que era o sexto dos irmáns, seguiu pero retornou cando a nai o reclamou para dirixir a casa petrucial sostida polo traballo silandeiro das súas irmás. Estas casaron axiña para abandonar o fogar petrucial e centraron o

30 Os testemuño de J.A. Moreira Carrascal reflicte ben esa percepción de privación relativa, sobradamente fundamentada, polo demais, no contexto específico de represión política, fame e mercado negro instaurados pola ditadura franquista nunha longa posguerra de vinte anos: “[...] Eu tiven tres motivos que me levaron a marchar [...] Éramos unha familia moi numerosa con dificultades económicas porque solo o meu pai traballaba e tiña nómina [...] Eu ilusionábame moito cando viñan os emigrantes de América e chegaban elí polas nosas aldeas cunhos coches a todo gas, e reformaban as casas e decían <<Mira, chegou o brasileiro, ven cheo de cartos!>>. Eu decía <<Que fago eu aquí nesta terra?>>”.

31 Pilar foi a única dos cinco irmáns Rodríguez Janza que quedou na casa paterna. Manuel que era o máis vello marchou a Arxentina con catorce anos, casou alí cunha parenta de Outeiro (Bemil de Caldas), estableceu unha chacra en Tandil, tivo nove fillos e mantivo a relación epistolar coa casa paterna. Socorro Rodríguez Fojo, filla de Pilar, explicouunos que escolleran aquel destino porque tiñan unha irmá da nai casada na Arxentina.

32 Sintetizamos o relato de Carme R. Fojo (Outeiro de Bemil, 1933), entrevistada polo autor o 25-V-2006.

seu proxecto vital na emigración. Carme e o seu marido chegaron a Santos en 1962. Ela estableceu un pequeno obradoiro de costura no fogar e el integrouse no sector da construción³³.

A terrible experiencia dunha infancia vivida na pobreza e as débedas contraídas para marchar explican que os emigrantes da posguerra aturasen a explotación laboral que reflicten as súas lembranzas. Entendían que era inevitable sacrificarse para aforrar, aprender a xestionar o negocio e poder reproducir o sistema tirando proveito, a súa vez, dunhas relacións microsociais de tipo familiar ou étnico que eran moi desigualitarias e estaban fortemente verticalizadas³⁴. A análise comparada dos itinerarios laborais desenvolvidos polas persoas emigradas nese período apunta varias semellanzas. Comezaron traballando de empregados nalgún comercio de veciños ou paisanos, que os explotaron durante anos a cambio do aloxamento e da aprendizaxe que recibían. Esta etapa formativa remataba cando acadaban os coñecementos profesionais, parte do diñeiro e as relacións necesarias para establecer o seu primeiro negocio, propio ou en sociedade. Investiron os beneficios noutras empresas, de diferentes sectores económicos, para evitar os riscos derivados dunha crise localizada e tirar proveito do aumento e da diversificación na demanda comercial das cidades brasileiras na segunda metade do século pasado. O resultado foi o éxito empresarial e a correspondente mobilidade social ascendente na sociedade receptora e, por suposto, o agardado recoñecemento cando retornaban aos lugares de orixe³⁵.

33 O seu marido Serafín Fernández Sánchez era canteiro e “traballou revestindo as fachadas con pedra [...] en sociedade con outro de Lugo [...] Eu iba a San Paulo de compras. Tiña unha máquina de tricotar, traballaba para fóra e iba buscar o material ás fábricas porque era máis barato [...] Facía roupa de punto cunha máquina de tejer por encargo. O cliente escollíaa a cor e eu facíalle a prenda”. Citamos textualmente da grabación da memoria de vida de Carme Rodríguez Fojo. Retornaron en 1976, venderon os dous pisos que mercaran en Santos e establecéronse en Vilagarcía. El finou ao ano seguinte.

34 O relato autobiográfico de Manuel N. Sánchez salienta esa autoexplotación propia e allea: “[...] Siempre aparecía un pariente o vecino, aparentemente bien sucedido en la emigración, que se ofrecía a llevar al niño para ayudarlo, pero la mayoría de las veces, lo que buscaba y obtenía era mano de obra barata, de confianza y fácilmente manejable ya que aprovechando las casi inexistentes leyes laborales los hacían trabajar sin descanso ni vacaciones y, en el mejor de los casos, cuando tenían algunos ahorros, los mandaban a España, para que gastasen lo ahorrado y continuasen como empleados”. José Faro Búa reflicte unha situación semellante para os chegados a Salvador na década de 1960. Véxase PÉREZ LEIRA, 2002: 102.

35 Os casos dos pontevedreses Román González González e Enrique Márquez Barros, que chegaron a Salvador en 1951, son representativos desto. Véxase PÉREZ LEIRA, 2002: 57, 123 e ss.

3. AS PAUTAS RELACIONAIS E A SOCIABILIDADE DOS GALEGOS NO BRASIL.

3.1. A sociabilidade informal: a endogamia matrimonial e nos negocios

O comportamento matrimonial dos galegos emigrados dependeu das súas posibilidades de acceso aos mercados matrimoniais na sociedade de orixe e na de acollida. Naquela contaban coa axuda da súa rede familiar e neste enfrontáronse ás barreiras étnicas e socioeconómicas, que eran moi fortes en Brasil ou na Arxentina, mentres que a exogamia foi maior en México. En xeral, os emigrantes de primeira xeración practicaron unha endogamia microterritorial no destino e mesmo familiar cando retornaban solteiros aos seus lugares de orixe³⁶. No caso dos residentes en Brasil, semella que a creación dunha familia xunto co establecemento dun negocio de seu confería o *status* de adulto entre a comunidade galega. Realizaron matrimonios microendogámicos, voltando ao lugar de orixe para procurar noiva ou casando no destino con fillas de veciños tamén emigrados³⁷.

O dito fenómeno, común a moitas comunidades inmigradas en América Latina, rexistrou unha fortaleza singular entre os galegos residentes en Salvador que, en xeral, retornaron para procurar moza coa que casar ou para facelo coa que xa se comprometeran denantes de marchar³⁸. Os que casaron en Salvador fixérono con fillas de veciños ou paisanos, reforzando as redes endogámicas de tipo étnico e, sobre todo, as relacións posemigratorias de tipo laboral ou comerciais entre as familias dos contraíntes³⁹. Os matrimonios exogámicos non

³⁶ Sendo frecuentes as vodas entre curmáns ou de tíos ricos e maduros coas fillas adolescentes dalgunha irmá deles en toda a macrorrexión atlántica para manter unidos os patrimonios familiares como explicou MUÑOZ LÓPEZ, 2001: 71 e nota 37.

³⁷ De feito, os fillos de Teresa Diéguez e de Enrique Álvarez Corisco mantiveron unha endogamia matrimonial microterritorial que se foi ampliando na xeración dos netos: Mi abuelo José Diéguez era de la parroquia de Santa María de Castrelo de Abaixo, del concello de Riós [...] Se casó con Josefa, una hija de mis bisabuelos que conoció en el Restaurant Corisco, en 1920, tuvieron 5 hijos [...] Mi padre Enrique Diéguez, hijo de José y de Josefa, se casó con la hija de María Gándara, de Ganade (Xinzo de Limia) y de Elias que era sirio de Antioquia". Citamos da reconstrución da saga familiar por Marcía Dieguez.

³⁸ Son exemplos desta segunda opción os matrimonios realizados por varios líderes étnicos da comunidade galega nas últimas décadas: Delmiro Blanco Lage casouse con María Lurdes Suárez Lage, curmá en 2º grao e filla dunha familia veciña de Fornelos; Roberto Cal Almeida fixoo con Rosa Albán Cal, galega de terceira xeración. Era máis habitual, porén, que aproveitasen unha visita á familia en Galicia, cando xa rondaban a madurez e acadaran a estabilidade económica que os convertía nun bo partido nos seus lugares de orixe, para casar con algunha moza veciña ou parenta, que fose coñecida daqueles. Así o fixeron varios dos emigrantes estudados por PÉREZ LEIRA, 2002.

³⁹ Tal fixo Luis Castro Barral, que chegou a Salvador en 1889 e empregouse na mesma empresa de Manuel Joaquín Cabadas. En 1926 e a punto de cumprir a trintena retorna a Galicia para casar coa filla deste. O seu fillo José Castro Cabadas empregouse na Ferraxaría 7 Portas, que era propiedade dun emigrante de Ourense e tamén casou coa filla deste en 1963 segundo PÉREZ LEIRA, 2002: 97, 99.

ofrecían ninunha destas vantaxes e podían implicar, pola contra, a exclusión das redes étnicas cando se realizaban con mulleres de cor⁴⁰. O tipo de proxecto migratorio que desenvolveron e as posibilidades de realizar matrimonios exogámicos que conlevasen certo ascenso social condicionaron, tamén, as expectativas de retorno dos galegos e, en función destas, o envío de remesas⁴¹.

As relacións familiares e de paisanaxe influíron nas actividades empresariais que desenvolveron os emigrantes e na súa capacidade para adaptarse exitosamente ás mudanzas do mercado⁴². No caso da comunidade galega en Salvador, mantivo unhas relacións sociais moi pechadas ata ben entrada a segunda metade do s. XX. A sociedade receptora era moi desigualitaria en termos étnicos e económicos, mais os galegos xa non ocupaban os chanzos inferiores a carón dos libertos afroamericanos e das empregadas domésticas como acontecera no abrente da centuria. As familias chegadas antes da Guerra Civil integráranse nas clases medias e reivindicaban a súa identidade ao tempo que reforzaban a cohesión interna a través de sociedades empresariais e da participación no asociacionismo étnico como mecanismo para establecer novos vencellos familiares de tipo matrimonial. Por iso non era doado acceder á sociabilidade formal desas familias que constituían a elite socioeconómica dos galegos en Salvador e procuraban reforzar a súa posición mantendo os ditos comportamentos endogámicos que implicaban un estrito control das relacións dos

40 A traxectoria vital e profesional de Pepe Novo (Gaxate, Pazos de Borbén) é un exemplo desa capacidade excluínate das redes familiares. Embarcou para Salvador en 1961. Tiña 15 anos e a súa nai, viúva, quería casar de novo. Traballou na ferretería dos tíos maternos que o protexeron ata que el decidiu casar cunha moza baiana contra a vontade daqueles. Entón marxinárono das redes étnicas a nivel profesional e relacional. A súa dona procuroulle emprego como vendedor, axiña ascendeu a director comercial e, despois, estableceu o primeiro negocio en sociedade segundo nos explicou nunha carta autobiográfica datada o 21-2-2001, arquivo do autor.

41 Temos o mellor exemplo nos galegos establecidos no Río de Janeiro que foron menos endogámicos por tratarse de familias emigradas cun proxecto de establecemento definitivo e porque actuaron en ámbitos relacionais máis amplos, segundo SARMIENTO DA SILVA, 2006.

42 Sirva como exemplo a experiencia vital doutro emigrante pontevedrés en Salvador: “[...] Fun traballar os dez primeiros anos cos meus tíos que tiñan un grande almacén de ultramarinos no que vendíamos de todo *al por mayor* ós comercios pequenos [...] Eu empecei barrendo as oficinas e delí a facer paquetes, despois a encargado do depósito [...] Cando cheguei a vendedor, que era o mellor puesto que tiñan na empresa porque pagaban un salario fixo e unha comisión polo que vendías, eu xa tiña estudiado portugués e contabilidade [...] Despois xunteime cun primo e abrimos unha casa de putas, logo unha charcutería, un bar. Empezou a ir ben o negocio e a gañar algúns cartos [...] Pero os meus negocios eran pequenos e empezaron a caer pola competencia das grandes lojas [...] Vendínlle o meu supermercado a un primo que cerrou o negocio despois dun ano e medio e fun traballar cun meu irmao que me deu sociedade nunha representación comercial de dúas empresas moi boas, unha americana e outra italiana”. Citamos da grabación do testemuño de Luis Vilariño (Arquivo Oral do MER).

fillos e a exclusión dos galegos acabados de chegar⁴³. Estes últimos viron limitadas as súas relacións profesionais e persoais aos sectores máis populares da sociedade baiana durante os primeiros anos⁴⁴.

A sociedade baiana creara estereotipos negativos sobre os obreiros ou os comerciantes galegos e estes últimos respostaron dobremente⁴⁵. Inicialmente, aceleraron a súa asimilación na sociedade receptora, aportuguesando os apelidos e renunciando a transmitirlle a lingua materna aos fillos que foron socializados en portugués e recibiron unha formación que lles permitiu ascender laboralmente ata acadar, cando menos, o arelado status de ‘clase media’⁴⁶. Mais, dende os anos Vinte, a presenza de emigrantes de éxito na dirección das entidades españolas, que caracterizou á comunidade galega residente en Salvador, permitiulles rentabilizar as relacións establecidas nas súas actividades profesionais e nesa actuación social⁴⁷. Ademais, o feito de percibiren o respecto na sociedade receptora pola súa capacidade de traballo fixo que valorasen positivamente a súa identidade etnocultural galega, mesmo no caso dos acabados de chegar a São Paulo durante os anos cincuenta⁴⁸.

43 M^a da Carmen Fidalgo Sánchez viviu ese control paterno: “[...] nos meus anos adolescentes, os nosos pais non favorecían a integración coa propia sociedade baiana. Acoutaban as nosas relacións sociais, practicamente, só coa propia comunidade galega”. Citamos de PÉREZ LEIRA, 2002: 113-114.

44 Manuel Antas Fraga padeceu esta discriminación inicial: “[...] No Centro Español as ricas non querían bailar cos pobres, só bailaban cos fillos dos ricos. Eu era pobre e sentínme discriminado. Fixenme socio do club Canabales Cruzeiro da Vitoria [...] Era moito máis aberto e non perseguían ás persoas por ideas políticas, porque naquel tempo na Baía o que non era franquista, xa era un renegado”. Tomamos a cita de PÉREZ LEIRA, 2002: 76.

45 Esas imaxes estereotipadas eran moi semellantes ás existentes en Bos Aires ou no Alto Douro, onde os galegos eran considerados como seres estúpidos de baixa catadura moral que só servían para traballos servís, duros e mal pagos, como salienta PINTO DA COSTA, 1997: 104-105.

46 Luís Martínez Vicente chegou a São Paulo dende o ourensán val de Monterrei en 1952. Explicounos que “no comezo falábamnos de maneira errada porque víñamos acostumados ó galego e os fillos brincaban porque estaban mais avanzados como estaban estudando [...] Ela veu con cuatro anos e ele veu con seis, foi moito difícil conservar a lingua porque tiñan o preconceito na escola e estaban sempre reprimíndose coas outras crianças. Despois por un interese propio aprenderon moito ben o castellano”.

47 Confirman os recordos de líderes étnicos xunto coas actividades profesionais que desenvolveron no sector servizos e as relacións postemigratorias que estableceron nelas. Remitimos ao testemuño de Delmiro Blanco Lage recollido en PÉREZ LEIRA, 2002: 90-91.

48 As lembranzas dos nosos entrevistados coinciden neste senso. Debemos ter en conta, porén, que se trata de construcións subxectivas, elaboradas a posteriori en función do éxito do proxecto reproductivo que desenvolveron persoas como Marcial Mariñas: “[...] Cando emigrei fora da miña terra eu apreciei a persona e o carácter do galego, porque eiqúí viñemos de todas partes de España pero nós éramos os mais formales no traballo [...] A maior parte viñan das aldeas e só falaban galego. Eso fixo que eu me identificase con eles e xa non parei de falar galego, porque éramos xente que responde”. Citamos da transcripción da grabación da memoria de vida realizada na SHBSP, agosto de 1996.

3.2. A sociabilidade formal

O asociacionismo dos galegos emigrados no Brasil foi un poderoso instrumento de axuda mutua e serviulles, tamén, para facérense visibles na sociedade de acollida. Alicerzouse en tres vectores de mobilización: o mutualismo para fornecer asistencia sanitaria, a procura de relacións de sociabilidade que fosen endogámicas, en termos étnicos micro e mesoterritoriais, e a posta en valor da identidade colectiva mercé ao fomento de prácticas culturais e deportivas que demostrasen a modernidade da colonia galega e a súa importancia económica e social.

En São Paulo, os inmigrantes españois empregados na construción e no transporte reivindicaron melloras laborais dende comezos do século XX, algúns participaron en organizacións libertarias e foron detidos ou repatriados polas súas ideas socialistas⁴⁹. A súa politización multiplicouse nos anos cincuenta e sesenta debido ao contexto político de España e de Brasil, producíndose, tamén, unha fenda entre os ‘vellos’ exiliados e a nova xeración de emigrantes socializados baixo a ditadura franquista. O exilio republicano non tivo en Brasil a mesma importancia que noutras repúblicas latinoamericanas, pois na Arxentina, en Uruguai, en Venezuela e México mantivo a identidade cultural e política de Galicia. Mais as asociacións étnicas de São Paulo estaban moi politizadas y posicionáronse respecto da situación política de España dende os comezos da Guerra Civil e ata ben entrados os anos sesenta. As que estaban dirixidas por emigrantes de antes da Guerra Civil ou exiliados dela reaccionaron contra a inxerencia das autoridades diplomáticas franquistas e outras plegáronse a elas desenvolvendo actividades asistenciais e festeiras, que eran as máis demandadas polos inmigrantes acabados de chegar, dun xeito semellante ao acontecido en Venezuela⁵⁰.

49 Saliéntano MARTÍNEZ GALLEGO, 1995 e ANTUNES MARCIEL e ANTONACCI, 1997.

50 Véxase CAMPOS ÁLVAREZ, 2007 e 2009. De feito, as percepcións dos acabados de chegar a São Paulo coinciden de cheo coas dos seus paisanos que rexeitaron o antifranquismo do asociacionismo galego en Caracas. Uns e outros actuaron para mudar esa situación cara posicionamentos culturalistas e de colaboración coas autoridades franquistas, como reflicten os testemuños de Marcial Mariñas e de Gonzalo Neira Sobral, arribados a São Paulo nos anos cincuenta e fundadores da Casa de Galicia en 1955. Véxase SOUTELO VÁZQUEZ, 1998.

A xeración de emigrantes dos anos cincuenta fora socializada no acatamento á ditadura franquista, enfrontáronse cos “vellos” antifranquistas e lideraron a posterior unificación dos centros étnicos en São Paulo ou no Río Grande do Sul⁵¹.

As dinámicas asociativas dos galegos foron diferentes na cidade de Salvador. A decana das asociacións étnicas foi a *Real Sociedade Benéfica Española*, fundada por comerciantes galegos, en xaneiro de 1885, para reaxir ao andazo de tuberculose que decimaba aos coterráneos mal alimentados e sometidos a esmagadoras xornadas laborais. Mercou un inmoible para establecer o Hospital Español e converteuse na entidade asociativa máis importante dos inmigrantes españois en Salvador, pola súa variada oferta asistencial (atención sanitaria, axuda financeira para pensións, funerais e repatriación de doentes e persoas sen recursos). Pois ben, os fundadores desta entidade benéfica procedían dunhas poucas freguesías na mesma área xeográfica, o que confirma a importancia das redes microsociais na presenza galega en Baía⁵².

51 Este estado acolleu refuxiados españois dende Franza a partir de 1945 e tiña rexistrados un total de 2249 residentes en 1950, que pasaron a 2393 en 1960. Coexistiron tres tipos de emigrantes españois: os mozos, polo xeral galegos, que procuraban unha alternativa aínda que non tivesen un destino claro, outros emigrantes que posuían coñecementos técnicos e contaban, en xeral, con axuda ao chegaren, e os refuxiados políticos. A presenza destes acelerou a división da comunidade española nun bando prorrepblicano que controlou a Sociedade de Socorros Mútuos e outro que formou a Casa de España en 1953 co apoio do Consulado español segundo WEBER, 2011: 134, 139-140 e 148. Pablo Briones presidiu o Centro Galego paulista naquela altura, explicounos que, efectivamente, “representaba a resistencia antifranquista e un movemento democrático inclusive con relación ao Brasil [...] Mais cando estes clubs sufriron a falta de asociados e pola dificultade de pagar os alugueiros das sedes, intentamos facer unha federación de casas españolas”. Isto levou á unificación do Centro Español, o Centro Asturiano, a Casa de España, o Centro Gallego-Asturiano, o Centro Catalán e a Casa de Galicia en 1974. Seguían co problema do alugueiro e por iso acadaron un acordo de fusión coa Sociedad Hispano Brasileira que era a única que tiña sede propia, en 1977.

52 O 94% dos socios eran pontevedreses naturais de Fornelos de Montes (23,5%), Ponte Caldelas (26,4%), A Lama (15,1%), Pazos de Borbén (7,6%) e Ponteareas nun 5,6% segundo BACELAR, 1994: 47. Os 124 socios fundadores procedían de *terra de Montes* e do *Baixo Miño*, salientando os 42 naturais de Fornelos de Montes, 20 de Ponte Caldelas e 17 de Pazos de Borbén, que equivalían, respectivamente, ao 33,87%, 16,13% e 13,71% do total segundo PÉREZ LEIRA, 2002: 40.

Anos máis tarde, os comerciantes galegos enriquecidos crearon outros espazos de sociabilidade formal que fosen máis restrinxidos para reforzar as relacións económicas e persoais entre eles⁵³. A fundación do Casino Español, xerme do Centro Español de Baía en novembro de 1911, responde a esa necesidade que tiñan os comerciantes galegos dun lugar de reunión que servise, tamén, para facerse visibles na sociedade receptora. Financiaron un Orfeón cuxa calidade coral foi motivo de fachenda para todos e ofrecían unhas instalacións que atraían á *crème* das familias galegas residentes e, tamén, das autóctonas. Estableceron deste xeito un ámbito relacional que favoreceu a realización de negocios e acordos matrimoniais interesantes para eles. Respostou a esta mesma estratexia, de *empoderamento inmigrante*, a creación dun equipo de *futeboll* con instalacións axeitadas a finais dos anos Vinte, pois serviu para demostrar a modernidade e a distinción desa elite inmigrada que practicaba o *sport* e fichaba a importantes xogadores galegos, demostrando a capacidade do balompé para cohesionar internamente a unha comunidade inmigrada.

As asociacións, que xurdiron dende mediados do século pasado reflicten a realidade política daqueles anos, marcada pola existencia de ditaduras en España e en Brasil e pola socialización das novas xeracións nun apoliticismo tolerante tácitamente coa falla de liberdades políticas en tanto lles garantise o progreso nos negocios. O protagonismo asociativo non o tiveron os acabados de chegar, senón que correspondeu a membros da segunda e a terceira xeración dos galegos residentes en Salvador. Estes reivindicaron as señas culturais da súa identidade creando en 1959 o primeiro Centro de Estudos Galegos que constitúe un claro exemplo do *empoderamento* da segunda xeración de *galegos* na sociedade receptora⁵⁴. A sociedade recreativa *Uniao Río Tea* e a de *Cabaleiros de Santiago* contribuíron ao mesmo fin. Esta fundouse en novembro de 1960 e a capacidade dos seus líderes para

53 O fenómeno non foi exclusivo de Salvador senón que xa se producira en Bos Aires e noutras cidades americanas nas que se formou unha nacente elite inmigrante. O bonaerense Club Español cobraba aos socios cotas mensuais que equivalían ao salario semanal dun traballador manual e quintuplicaban a da Sociedad de Socorros Mútuos, precisamente para que esa barreira mantivese a exclusividade do clube como espazo de sociabilidade formal para reforzar os vencellos persoais, familiares e de negocios destes inmigrantes xa consolidados, na interpretación de MOYA, 2004: 296-297. En Baía, algúns deses comerciantes participaron xa nos *obradoiros* das loxias masónicas, atraídos pola sonda de progresismo e modernidade que confería esa pertenza mais, sobre todo, polas oportunidades para establecer novas relacións comerciais e persoais. Varios destes masóns participaron na fundación das principais sociedades étnicas dos emigrantes galegos en América, incluída a Real Sociedade Española de Beneficencia, segundo PÉREZ LEIRA, 2002: 185.

54 Véxase PÉREZ LEIRA, 2002: 16, 58-60, 95, 114.

establecer contactos coas autoridades españolas e, sobre todo, coas autonómicas de Galicia, forneceulle considerables axudas económicas para desenvolver programas de difusión cultural e asistencial á comunidade galega residente en Salvador nas últimas décadas. Pola súa banda, Uniao Río Tea é un exemplo claro do asociacionismo microterritorial que resulta dunha alta concentración de inmigrantes da mesma orixe e da sociabilidade informal que xa teceran entre eles⁵⁵.

4. AS CONSECUCIAS DA EMIGRACIÓN ALÉN DO ENVÍO DE REMESAS E DA IMITACIÓN AOS RETORNADOS

Os inmigrantes españois no Brasil presentan un índice de retornos inferior ao doutros colectivos étnicos, o que indica certa frustración das expectativas iniciais ou, simplemente, a práctica dunha emigración definitiva. Mais, no caso específico dos galegos, a emigración ao Brasil dos membros máis novos e capaces das familias converteuse na principal estratexia de reprodución do sistema social das bisbarrias galegas que mantiveron esas correntes migratorias ata ben entrada a segunda metade do século XX. A perda de efectivos demográficos nas comarcas expulsoras das provincias de Ourense e Pontevedra reduciu a poboación, a densidade, os matrimonios e a natalidade baleirando, practicamente, de poboación nova o interior de Galicia dende os anos sesenta do século pasado⁵⁶.

⁵⁵ Neste caso, os veciños do concello pontevedrés de Pontearreas formalizaron en agosto de 1974 as relacións preexistentes entre varias familias que viñan organizando xantares de confraternización ao aire libre. Foi un proceso semellante ao que levou á fundación de Amigos de Santiago en Venezuela en 1956 ou á creación da Sociedade Española de Socorros Mutuos de Porto Alegre en 1893. Esta formalizou as prácticas de axuda mutua preexistentes entre os emigrados que se xuntaban na praça da Alfândega, desenvolveu actividades culturais e recreativas dende 1923 e mercaron un terreo para construír un predio, inaugurado en 1929, demostrando o poder económico da minoría que controlaba a asociación. En Caracas, un grupo de paisanos que se xuntaban na praça de Altamira á saída do traballo e da misa dominical crearon Amigos de Santiago. Véxanse, respectivamente: PÉREZ LEIRA, 2002: 23; WEBER, 2011: 140, 142; CAMPOS ÁLVAREZ, 2000: 231-232.

⁵⁶ Coinciden neste GONZÁLEZ LOPO, 1999, e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, 1992b. Os concellos de *terra de Montes* non se recuperaron da sangría producida pola emigración nas décadas de 1920 e 1950. A súa densidade demográfica descendeu mentres que a do litoral aumentou a consecuencia da industrialización e a urbanización desde mediados do XX. A densidade demográfica media descendeu en *terra de Montes* de 60 hab./km² en 1900 a 57 no 1960 e 48 no 1991, mentres que subiu no baixo Miño (110 hab./ km² en 1900, 122 no 1960 e 123 no 1991), superando a densidade media provincial nas datas referidas aínda que moi por debaixo das cifras que presenta a zona costeira das Rías Baixas (182, 342 e 525 hab./km²). O concello de Pazos de Borbén foi a única excepción, posto que aumentou os seus efectivos demográficos ata a década de 1960.

Acentouse a dependencia da sociedade de orixe respecto das remesas particulares e colectivas. Os residentes en Salvador financiaron, por exemplo, a alameda, o cemiterio e camiños na parroquia de Santo André de Anceu e as suntuosas vivendas dos *brasileiros* multiplicáronse na freguesía de S. Pedro de Gaxate⁵⁷. Semella que os retornados de Brasil realizaron o mesmo tipo de investimentos que os outros *americanos* que volveron a Galicia dende Arxentina ou Cuba. Mercaron as terras e gandos que tiñan aforadas ou en parceria, maquinaria agrícola e realizaron gastos suntuarios para demostrarlle á veciñanza o éxito do seu emprendemento na emigración⁵⁸. Algúns mesmo adquiriron grandes explotacións que pertenceran aos vellos *señores da terra* de estirpes fidalgas, para substituílos, simbólicamente e a destempo, na elite da sociedade local á que retornaban⁵⁹. As casas que construíron estes *brasileiros* nos concellos da montaña pontevedresa ou nos ourensáns de Bearíz e Avión, son a demostración pública do seu enriquecemento e das arelas de recoñecemento do seu éxito na sociedade de orixe⁶⁰.

5. OS DESAFÍOS PENDENTES NA INVESTIGACIÓN SOBRE OS GALEGOS NO BRASIL

Son varios e urxentes. En primeiro lugar, semella que a recruta de familias para a *lavouira do café* afectou a comarcas galegas que aínda non se incorporaran á emigración americana e que atravesaban unha situación crítica derivada da expansión da filoxera, como o val ourensán de Monterrei. Mais para coñecer

57 Xa o salientaba a descripción feita por ÁLVAREZ LIMESSES, 1936, I: 314 e 316. As remesas de diñeiro brasileiro, panameño e mexicano financiaron a construción de suntuosos chalés e a compra de coches de luxo. Explican a existencia de numerosas sucursais bancarias nos envellecidos concellos ourensáns e pontevedreses da dorsal central galega, dun xeito semellante ao que acontece nas poboacións de México noroccidental que viven das remesas dos fillos emigrados aos Estados Unidos. Véxanse, respectivamente, FERRÁS SEXTO, 2000, e MACIAS, 2003: 44.

58 Sirva como exemplo o caso do petrucio dos Gallego de Enxames (Vilardevós) que traballou de estivador no porto de Santos a finais do século XIX, retornou para casar e estableceu unha explotación agrogandeira típica dun labrador, pois a súa filla lembra que “meu pai sempre tivo tres ou cuatro vacas, tiñamos rabaño de ovellas [...] Éramos seis irmaus e dúas mulleres; a máis vella era muller, despois viñeron os homes, un deles era só para pastorar o rebaño e os outros traballaban no campo e nas viñas”. Citamos, textualmente, da grabación da memoria de vida de Victoria Armonía Gallego Rojas, entrevistada pola súa filla Avelina e polo autor o 25-9-1996.

59 Por iso investiron en viñedos arruinados pola filoxera no Alto Douro, como sinala PINTO DA COSTA, 1997: 253. E os irmáns Cendón Pérez mercaron rendas forais cando retornaron a Melón, no Ribeiro ourensán. Enriquecéranse cos negocios bancarios e comerciais no Río de Janeiro e agora estableceron unha imprenta para expresar as súas opinións sobre a política local de Ribadavia. Un deles ocupou a alcaldía. Véxase DOMÍNGUEZ CASTRO, 1992: 108, 115.

60 Remitimos a TÁBOAS VELEIRO, 1999 e 2004.

a incidencia cuantitativa que tivo realmente ese fenómeno é preciso analizar a documentación municipal e parroquial dos concellos da *montaña* dese val, como Castrelo do Val, Vilardevós e o propio Monterrei. E pescudar sistematicamente a través da memoria familiar a existencia de redes que mantiveron ese fluxo cara Santos e São Paulo.

En relación con isto, sería oportuno desenvolver un proxecto de recuperación sistemática e análise das fontes existentes en Santos, que foi o principal porto de entrada dos galegos, para coñecer mellor as características cuantitativas e cualitativas da comunidade galega asentada nesa cidade dende finais do século XIX ata o remate da chegada de inmigrantes ao litoral paulista a finais da década de 1960. Para facelo axeitadamente, é preciso estudar a documentación conservada no Viceconsulado Español de Santos, no Centro Español e de Repatriación e nas parroquias da cidade⁶¹. Os arquivos das tres grandes empresas santistas que empregaron inmigrantes en traballos de canteiro, carpinteiro, pintores, ferreiros, e no mantemento das liñas do tranvía urbano, fornecerían unha imaxe real da importancia cuantitativa dos galegos neses nichos laborais e da súa participación na forte mobilización política desenvolvida polos traballadores deses sectores e os *doqueiros*⁶².

61 A dita sociedade dispón de memorias das directivas, actas de reunións, libros de rexistro de socios e de contabilidade, ademais dunha biblioteca formada dende finais do século XIX con máis de 3.000 volumes de xeografía, arquitectura, medicina, Dereito Civil e códigos civís de varios estados americanos e de España. Dita biblioteca inclúe revistas e periódicos editados en Castelán pola colonia española en São Paulo e Rio de Janeiro, polo que reflicte as inxerencias de información e formación da elite inmigrada que dirixía o Centro. A análise dos libros parroquiais permitiría coñecer mellor as características e pautas relacionais dos galegos residentes en Santos, do mesmo xeito que se fixo, por exemplo, cos galegos asentados en Salvador de Baía e cos andaluces e leoneses establecidos en Mar de Prata. Véxanse, respectivamente: GONZÁLEZ LOPO, 1999 e 2003; DA ORDEN, 2000 e 2005.

62 Referímonos aos traballadores da Companhia das Docas de Santos (actualmente do Estado de São Paulo: CODESP), da empresa ferroviaria São Paulo Railway (actual RFFS ou Rede Ferroviária Federal) e da Cia City da Prefeitura Municipal de Santos. Véxase TEIXEIRA DA SILVA, 1995. O petrucio dos Gallego foi un deses estivadores das docas santistas que militou no anarcosindicalismo segundo nos explicou a súa filla Victoria Armonía en 1996: “estuvo en Cuba e aquí no Brasil antes de nós nacer; despois foise pralá e casou coa miña nai, que morreu nova, con trinta e cinco anos e deixou seis fillos. A máis vella tiña doce anos e meu pai nos criou con muito sacrificio e muito traballo [...] Ele torceu pra esquerda [...] Gostaba muito de ler e tiña muitos libros que levou de Cuba. Cando foi da guerra tuvo que enterralos porque se llos pegasen, aí complicabano máis [...] Tinha un libro dun xornalista que andaba de cidade en cidade e casou cunha moza chamada Armonía e o meu pai tirou os nosos nomes dese libro. Queríanos chamar Sol, Vida, Placer e Amor, que eran os cuatro fillos que tiveron Floreán e Armonía. Púxonos ó mais vello Floreano como o xornalista desa historia e a min Victoria Armonía [...] Cando eu vin pro Brasil alá no aiuntamiento aínda me implicaron por ese nome de Armonía: “Teu pai era anarquista porque che puxo un nome esí?”.

Sabemos que o anarcosindicalismo espallouse na Galicia de beiramar polo influxo dos mariñeiros e dos retornados da emigración. Porén, descoñecemos como se produciu a transferencia de coñecementos específicos de tipo laboral e técnico, políticos, etc, entre as cidades brasileiras e as localidades costeiras galegas ⁶³.

Outra agra aberta é a dos roles desempeñados polas mulleres neses fluxos ao Brasil. A maior parte das pescudas reléganas á retagarda familiar en Galicia, onde recibían novas de infidelidades e dobles familias dos maridos ausentes. E as que emigraron, recluíronse no fogar familiar desenvolvendo pluriactividades como a costura, por encargo de clientes ou para fábricas, e o atendimento de hóspedes en réxime de pensión completa ⁶⁴. Pola contra, a memoria oral e epistolar indican que esas mulleres desenvolveron traxectorias laborais máis complexas e xogaron un papel importante nas relacións intrafamiliares. Reconstruír o desenvolvemento dos proxectos migratorios dun número significativo de familias, que fosen representativas do éxodo galego aos diversos destinos do Brasil durante o século pasado, axudaríanos a avanzar no coñecemento de todos estas cuestións pendentes.

⁶³ Referímonos a casos como o do pai e os tíos dun emigrante vigués, que chegaron a Porto Alegre recrutados por empresarios construtores de vidreiros e de barcos polos seus coñecementos técnicos segundo WEBER, 2011: 137. Ou ao de José Ageitos Lema que naceu en Corubedo (A Coruña) en 1870 e deixou a súa dona con dous fillos en Porto do Son para emigrar a Río do Janeiro no abrente do s. XX. Traballou en barcos mercantes e pesqueiros. Xuntou diñeiro e quixo comprar un edificio para montar un negocio en Río cun cuñado pero este non se animou e o José retornou ao cabo de 14 anos. Construiu un barco pesqueiro ao que puxo de nome “Novo Brasileiro” e intentou levalo ata a baía de Guanabara para dedicarse a pesca. Non foi quen de facelo porque o seu fillo preferiu marchar a Pasaia (Euscadi) para dedicarse á pesca de altura do bacalao en Terranova e no Gran Sol. Pola contra as dúas fillas imitaron ao pai pois marcharon ao Río de Janeiro cos seus maridos. Resumimos a información que nos forneceu José Ageitos Ventoso sobre o seu avó, arquivo do autor.

⁶⁴ Aspecto salientado en: SOUTELO VÁZQUEZ, 2001: 33; PÁJARO PERES, 2002: 260, 263.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ LIMESSES, Gerardo, 1936 – *Pontevedra*, tomos I e II correspondentes á provincia de Pontevedra en *Geografía General del Reino de Galicia* coordinada por F. Carreras Candí.
- ANTUNES MARCIEL, Laura; MARTÍNEZ ANTONACCI, M^a Antonieta, 1997 – “Espanhois em São Paulo: modos de vida e experiencias de associação”, in *Projeto Historia*, 12.
- BACELAR, Jeferson, 1994 – *Galegos no paradiso racial*. Iabamá, Salvador de Baía.
- BAILY, Samuel; RAMELLA, Franco, 1988 – *One family, two worlds: an Italian family's correspondence across the Atlantic, 1901-1922*. New Brunswick: Rutgers University.
- BRETTELL, Caroline, 1991 – *Homens que partem, mulheres que esperam. Consequências da emigração numa freguesia minhota*. Lisboa: Publicações Dom Quixote.
- CAMPOS ÁLVAREZ, Ramón, 2000 – “Los orígenes del asociacionismo gallego en Venezuela (1945-1960). *Minius*, n.º 8.
- CAMPOS ÁLVAREZ, Ramón, 2007 – “O papel dos exiliados na evolución do asociacionismo galego en Venezuela (1940-1960)”, in SEIXAS, Xosé Manoel Núñez, VILA, Pilar Cagiao (eds.), *O Exilio galego de 1936, política, sociedade, itinerarios*. Sada: Consello da Cultura Galega-Edicións do Castro.
- CAMPOS ÁLVAREZ, Ramón, 2009 – “la emigración gallega a Venezuela a través de testimonios orales”, in DIAZ, M. López (coord.), *Homenaxe ao profesor Pérez García*, vol. 1: Historia e cultura.
- DOMÍNGUEZ CASTRO, Luis, 1992 – *Viños, viñas e xentes do Ribeiro. Economía e patrimonio familiar, 1810-1952*. Vigo: Xerais.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Miguel Anxo, 1992 – “Caracteres y transformaciones de la emigración de Ribadavia en el período 1840-1920”, in EIRAS, A. (ed.), *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*, Xunta de Galicia.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Miguel Anxo, 1992b – “Evolución migratoria en el municipio de Melón: mediados s. XVIII a comienzos del s. XX”, in EIRAS, A. (ed.), *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*, Xunta de Galicia.
- GONZÁLEZ LOPO, Domingo, 1993 – “La emigración a Portugal desde el suroeste de Galicia en los siglos XVIII al XX”, in SILVA, M^a. B. Nizza da, et alii (org.), *Emigração/ Imigração em Portugal. Actas do “Coloquio Internacional sobre Emigração e Imigração em Portugal (séc. XIX-XX)*. Lisboa: Editorial Fragmentos.
- GONZÁLEZ LOPO, Domingo, 1999 – “Los movimientos migratorios en tierras del interior de la provincia de Pontevedra entre 1801 y 1950: características y puntos de destino”. *Semata*. Ciencias Sociais e Humanidades, n.º 11.

GONZÁLEZ LOPO, Domingo, 2003 – “Migraciones históricas de los gallegos en el espacio peninsular (siglos XVI-XIX”, in *Obradoiro de Historia Moderna*, n.º 12.

GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Elda, 1990 – “El aporte gallego al proceso inmigratorio brasileiro, 1890-1950”, in JUANA, J. de, CASTRO, X. (eds.), *Galicia y América, el papel de la emigración*. V Xornadas de Historia de Galicia. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.

GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Elda, 2001 – “Desandar lo andado: Problemas que plantea el estudio del retorno de los emigrantes españoles al Brasil”. *Estudios Migratorios*, 11-12.

GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Elda, 2005 – “Los que se fueron a Brasil: una visión de conjunto de la participación española”, in *El sueño de muchos. La emigración castellana y leonesa a América*. Zamora: Deputación de Zamora e Centro Asociado da UNED en Zamora.

KLEIN, Herbert, 1996 – *La inmigración española en Brasil (ss. XIX-XX)*. Gijón: Fundación Archivo de Indianos.

KULA, Witold; WTULICH, Josephine, 1986 – *Writing home: immigrants in Brazil and the United States 1890-1891*. East European Monographs.

MARTÍNEZ GALLEGU, Avelina, 1995 – *Espanhois*, Cadernos de Migração, 6. São Paulo: CEM.

MOYA, J.C., 2004 – *Primos y extranjeros, La inmigración española en Buenos Aires, 1850-1930*. Buenos Aires: Emecé.

MUÑOZ LÓPEZ, Pilar, 2001 – *Sangre, amor e interés. La familia en la España de la Restauración*. Madrid: Marcial Pons-Universidad Autónoma de Madrid.

ORDEN, M^a. Liliana da, 2000 – “Cadena migratoria, familia y pautas de residencia: una nueva mirada a una vieja cuestión. Mar de Plata, 1910-1930”. *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, ano 15, n.º 45.

ORDEN, M^a. Liliana da, 2005 – *Inmigración española, familia y movilidad social en la Argentina moderna. Una mirada desde Mar del Plata (1890-1930)*. Buenos Aires: Editorial Biblos.

PÁJARO PERES, E., 2002 – *A inexistencia da terra firme. A imigração galega em São Paulo, 1946-1964*. São Paulo: EDUSP.

PEREIRA BERNÁRDEZ, Xosé Ramón, 2008 – “Cambio e continuidade migratoria: de Salceda de Caselas a América (1861-1920)”. *Estudios Migratorios*, vol. 1, n.º 2.

PÉREZ LEIRA, Lois, 2002 – *Galegos na Baía de todos os Santos*. Vigo: Galicia en el Mundo.

PÉREZ MURILLO, M^a. Dolores (coord.), 2000 – *Oralidad e historia de vida de la emigración andaluza hacia América Latina (Brasil y Argentina) en el s. XX*. Cádiz: Servicio de Publicacións da Universidade de Cádiz.

PINTO DA COSTA, Antonio, 1997 – *Alto Douro, Terra de Vinho e de Gente, a vida quotidiana alto duriense no primeiro terço do século XIX*. Lisboa: Edições Cosmos.

TÁBOAS VELEIRO, Teresa, 1999 – “Emigración y arquitectura: os brasileiros”, in *Pontevedra*, n.º 14.

TÁBOAS VELEIRO, Teresa, 2004 – *Emigración e arquitectura: os brasileiros*. Pontevedra: Alaís Editores.

SARMIENTO DA SILVA, Erica, 2006 – *O outro Río, a emigración galega a Río de Janeiro*, 3C3, Colección Nós/Outros, Santa Comba.

SARMIENTO DA SILVA, Erica, 2008 – “Os galegos no Río de Janeiro”. *Estudios Migratorios*, vol 1., n.º 2.

SARMIENTO DA SILVA, Erica, 2011 – “Os galegos excluídos: ladrões, mendigos e cáftens”, in MARTINS, Ismenia de Lima; HECKER, Alexandre (orgs.), *E/imigrações. Histórias, Culturas, Trajectórias*. São Paulo: Expresão & Arte Editora.

SOUTELO VÁZQUEZ, Raul, 1998 – “Memoria oral e identidade étnica na inmigración española a Latinoamérica no século XX: os galegos en Brasil, 1880-1970”. *Estudios Migratorios*, n.º 6.

SOUTELO VÁZQUEZ, Raul, 2001 – *De América para a casa. Correspondencia familiar de emigrantes galegos no Brasil, Venezuela e Uruguai, 1916-1969*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (Disponible na mediateca virtual do Consello da Cultura Galega: http://www.culturagalega.org/biblioteca_detalle.php?id=22).

SOUTELO VÁZQUEZ, Raul, 2005 – *Labregas, emigradas, estraperlistas e represaliadas. Experiencias de vida de mulleres na Galicia rural*, Premio Ferro Couselo, Concello de Valga.

TEIXEIRA DA SILVA, Fernando, 1995 – *A carga e a culpa. Os operarios das docas de Santos: direitos e cultura da solidariedade, 1937-1968*. São Paulo: Hicitec.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alejandro, 1992 – “Los factores de expulsión en las regiones de procedencia”, in *Historia General de la emigración española a Iberoamérica*, vol. I. Madrid: CEDEAL.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alejandro, 2005 – “Las migraciones contemporáneas de los gallegos”, in JUANA, J. de; PRADA, J. (coords.), *Historia Contemporánea de Galicia*. Barcelona: Ariel.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alejandro, 2008 – “Unha visión xeral da emigración galega contemporánea a América e a Europa”, in CID, X.M., et alii (coords.), *Migracións na Galicia contemporánea. Desafíos para a sociedade actual*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

WEBER, Regina, 2011 – “Manifestações identitárias de imigrantes espanhóis no sul do Brasil”, in MARTINS, Ismenia de Lima; HECKER, Alexandre (orgs.), *E/imigrações. Histórias, Culturas, Trajetórias*. São Paulo: Expressão & Arte Editora.